



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE ARTEIXO E O CLUB DEPORTIVO LARÍN PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FÚTBOL.

Dunha parte D. Carlos Calvelo Martínez, maior de idade con Documento Nacional de Identidade 32.824.251-P, Alcalde-Presidente do Concello de Arteixo, que actúa na representación deste que legalmente lle corresponde, e o Secretario Xeral D. José María Vázquez Pita que dá fe do acto.

Doutra parte D^a María Felicidad Mallo Viña, maior de idade, presidenta do Club Deportivo de Larín con Documento Nacional de Identidade 32.813.286 - Z.

Ambas partes se recoñecen mutuamente capacidade para obrigarse na representación que ostentan e polo tanto para o outorgamento do presente convenio de colaboración e

MANIFESTAN

Que o Concello de Arteixo, ten dentro dos seus fins:

- Universalizar e facilitar o acceso á práctica de Actividade Física e deporte en toda a poboación, co fin de acadar un mellor benestar, potenciando a calidade de vida, e o equilibrio social
- Promocionar e fomentar o deporte de base entre os nenos e nenas do Concello.
- A promoción, fomento, coordinación e organización de actividades e servizos físico-deportivos para contribuír ao desenvolvemento da cultura física da poboación do municipio de Arteixo e moi especialmente das comprendidas nas Escolas Deportivas Municipais.
- Facilitar a utilización das instalacións deportivas municipais ao máximo número posible de cidadáns da localidade.
- Establecer convenios de colaboración con clubs e asociacións para potenciar o asociacionismo deportivo e en aras a conseguir unha maior participación cidadá no sistema deportivo local.

Que o Club Deportivo de Larín, ten como finalidade a promoción deportiva e especificamente a práctica do fútbol. Dispoñendo para tal fin de suficiente organización e estando afiliado ás correspondentes Federacións Deportivas (Federación Galega e Española de Fútbol)

Que dada a común finalidade de promoción e práctica deportiva e co obxecto de coordinar as ofertas deportivas dos seus ámbitos respectivos, se subscribe o presente convenio de colaboración con arranxo ás seguintes

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- O Club Deportivo de Larín (en adiante Club) obrigase á promoción do deporte federado e á organización de eventos segundo a cláusula cuarta, e acollerá a todas as persoas usuarias que cumpran os requisitos que se establezan para a inscrición na mesma sen que, en ningún caso, poidan comportar

Documento firmado electrónicamente, puede validar la firma con el código indicado al margen en la Sede Electrónica <https://sede.arteiro.org/> (El código de verificación garantiza, mediante el cotejo en la sede electrónica municipal, la integridad del documento (artículo 27.3.d de la Ley 39/2015, de 1 de Octubre, do Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas)



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

discriminación por razón de idade, condición física, sexo ou outras circunstancias sociais.

SEGUNDA.-

- a. Para adestramentos e competicións oficiais federadas, o Club gozará dunha bonificación do 100% do importe da cota tributaria sinalada no artigo 5A e 5B da Ordenanza nº 8, taxa por prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais, xa que cumpre cos criterios establecidos na referida ordenanza.
- b. Os horarios de adestramentos e actividades nas instalacións deportivas municipais serán os que determine a Concellería de Deportes.
- c. A entidade deportiva non poderá percibir cantidade ningunha pola utilización das instalacións deportivas municipais como consecuencia de cesión a terceiros, nin poderá autorizar o seu uso con estes sen expreso consentimento do Concello; virá obrigada ao cumprimento das instrucións de uso que se cursen a través do Servizo Municipal de Deportes.
- d. O Concello de Arteixo resérvase a facultade da utilización das instalacións cedidas, para actos que se programen dentro do ámbito do exercicio das súas competencias municipais.
- e. O presente convenio non exclúe da obrigatoria solicitude anual da distribución de instalacións deportivas municipais á entidade deportiva, sendo competencia municipal a distribución en días e horas que anualmente se determine.
- f. O Concello respectará o acordo que outorgue o correspondente beneficio económico á citada entidade polos dereitos por publicidade que a Entidade Deportiva teña contratadas durante o desenvolvemento dos partidos de Liga ou Copa. A Entidade Deportiva respectará a publicidade institucional que o Concello teña nas súas instalacións. Cando se trate dun acto de mutua colaboración quedará remitido ao acordo que entre as partes se estableza

TERCEIRA.- O Club comprométese a facer constar explicitamente na totalidade da publicidade e/ou actividade informativa que se realice por calquera medio (impreso ou non) que conta con subvención do Concello de Arteixo. En todos os programas subvencionados que leven difusión ou publicación (dípticos, carteis, impresos, anuncios, placas conmemorativas, soportes electrónicos e audiovisuais, vídeo-marcadores,...) farase constar o logotipo do Concello de Arteixo segundo as especificacións de imaxe corporativa que figuran na web do concello, e nas mesmas condicións de visibilidade que o resto de logotipos. En todo caso, nos espazos que utilice a entidade e nos lugares de realización das actividades, informarase do financiamento público do Concello a través dun cartel tamaño mínimo A3 nun lugar destacado e visible. A entidade deportiva terá a obriga de portar no lugar que corresponda das prendas deportivas de competición os logotipos do Concello e do Servizo Municipal de Deportes, de tamaño polo menos equivalente ao logotipo dos seus patrocinadores principais. Asemade, no caso de dispoñer de páxina web ou redes sociais, deberase facer constar que reciben unha axuda municipal e colocarán o logotipo municipal na publicación, facendo mención de que se atopan subvencionados polo Concello de Arteixo

O Servizo Municipal de Deportes, poderá autorizar a existencia de publicidade, estática ou móbil, permanente ou non, realizada por calquera elemento técnico ou soporte, se o solicita o club.

CUARTA.- O Club obrígase ademais a:

- a) Colaborar co Concello na organización e realización dos xogos deportivos municipais, eventos deportivos populares, torneos, campus e calquera outra actividade que contribúa a promoción do fútbol, entre elas o Día do Deporte na Rúa. Tal colaboración traducirase en coordinación técnica, apoio do persoal do Club, difusión da actividade, axuda na montaxe e desmontaxe de esta e todo canto requira a organización dos eventos.
- b) Ceder as instalacións da entidade para o desenvolvemento de programas ou actividades de interese municipal.
- c) Presentar á Concellería de Deportes e levar a cabo en setembro de cada ano un programa de actividades
- d) Nomear un responsable do programa de actividade que actuará como interlocutor válido cos servizos técnico-deportivos municipais.
- e) Manter as instalacións que utilicen en perfectas condicións e informar ao Servizo Municipal de Deportes de cantas incidencias se produzan nas mesmas. Tal Servizo, cando así o considere, inspeccionará o uso que se faga destas.
- f) Asistir a cantas reunións sexan convocadas polo Servizo Municipal de Deportes facilitando todo tipo de información relativa á actividade que lle sexa requirida por estes.
- g) Presentar unha memoria final de tempada de acordo co programa de actividades desenvolvido, antes do 30 de novembro, de cada ano.
- h) Ceder o uso do Campo de Fútbol de Larín dúas horas á semana, para calquera evento deportivo que poida realizar o Servizo Municipal de Deportes.
- i) É obriga da entidade beneficiaria, someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano concedente, así como a calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando toda a información requirida no exercicio das actuacións anteriores.

QUINTA.- O Concello aportará ao Club, como axuda á promoción do deporte federado a cantidade de 10.000,00 €, sendo ingresado con cargo ao orzamento do 2026, anticipando o 50 por 100 (5.000 €) no momento da sinatura do convenio e o 50 por 100 restante cando a entidade xustifique o 100% do importe do convenio.

SEXTA.- A data límite para a presentación da conta xustificativa será o 15 de outubro de 2026. Admitiranse facturas e xustificantes vinculadas á tempada actual (1 de outubro de 2025 - 30 setembro de 2026). A xustificación do convenio realizarase mediante a presentación da conta xustificativa coa documentación



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

referida ao efecto na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Arteixo, contendo como mínimo o seguinte:

- **Memoria de actuación xustificativa** do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, indicando as actividades realizadas e os resultados obtidos (arts.72 e 75 RD 887/2006, de 21 de xullo)
 - **Memoria económica xustificativa** (arts.72 e 75 do RD 887/2006, de 21 de xullo) dos gastos e investimentos da actividade, acompañada dos orixinais ou copias cotexadas de facturas, recibos, nóminas e demais documentos de valor probatorio cuxo pagamento quede acreditado. Os pagamentos acreditaranse con carácter xeral mediante documento de transferencia bancaria, podendo admitirse de xeito excepcional pagos en efectivo cando a súa contía sexa inferior a 300 € (sen IVE). Neste último caso deberá constar na factura o “recibí” co selo da empresa e a sinatura de persoa física que teña a representación
 - Detalle de **outros ingresos** de natureza privada (cotas ou aportacións de socios, cofinanciamento de socios ou persoas beneficiarias nas actividades recibidas...).
 - Detalle de **outras achegas ou subvencións** de fondos públicos que teñan financiado a actividade subvencionada, indicando o importe e a procedencia
 - Certificado, de non recibir outras subvencións polo mesmo concepto e presentar certificado de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Seguridade Social, coa Facenda do Estado, coa Xunta de Galicia e co Concello de Arteixo.
 - Declaración de non atoparse a entidade incurso en ningunha das causas de prohibición para ser beneficiario de axudas ou subvencións públicas, a que fai referencia o artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que implica, entre outras condicións, que se atopa ao corrente coas súas obrigas coa Facenda Estatal, Autonómica, Local e coa Seguridade Social.
 - Declaración conforme a entidade non ten pendente de pago ningunha cantidade derivada de expedientes de reintegro de subvencións.
 - Facturas orixinais relativas aos gastos. Os documentos admitidos como xustificantes (facturas, nóminas e outros documentos de valor probatorio) deberán aplicar, no seu caso, as retencións e impostos (IVE, IRPF) que correspondan. A substitución da factura por outro tipo de xustificante deberá respectar os supostos previstos no artigo 4 do RD1496/2003, Regulamento de Facturación.
 - Acreditación do cumprimento da obriga de utilización da publicidade do Concello de Arteixo segundo cláusula terceira do presente convenio.
- Gastos sufragables: Son aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo de execución establecido (1 de outubro de 2025 - 30 setembro de 2026). Deberase acreditar fielmente no correspondente xustificante de gasto que este está directamente relacionado coa actividade subvencionada. A estes efectos só se poderán subvencionar os seguintes gastos:

o *Licencias federadas dos deportistas, co correspondente certificado federativo.*



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

- o *Mutualidade, seguros de responsabilidade civil e accidentes, cos pertinentes certificados e facturas.*
- o *Arbitraxes en competicións oficiais, con certificados ou facturas da federación.*
- o *Transporte interno, por medio de facturas, acompañadas de calendario oficial de competicións.*
- o *Retribucións a persoal técnico, acreditaranse mediante facturas ou nóminas, só se admitirá o recibín cando reflecta a correspondente retención do IRPF, e a repercusión do IVE. En calquera caso deberán acompañarse do xustificante de ingreso do IRPF na Axencia Tributaria.*
- o *Gastos de recoñecemento previo, atención médica e fisioterapia.*
- o *Custos por inscrición de equipos ou deportistas para participar en competicións oficiais federadas.*
- o *Material deportivo funxible (non inventariable). As facturas presentadas deberán desglosar especificamente o material deportivo comprado. Non se admitirán facturas con conceptos xenéricos.*
- o *Gastos de mantemento (aluguer, luz, gas, auga, teléfono, consumibles de oficina. (non poderá superar o importe total do 20% do importe a xustificar)*
- o *Gastos de manutención e hospedaxe correspondentes a calendarios de competición oficiais da correspondente federación deportiva.*
- o *Gastos de publicidade e imprenta das actividades deportivas*
- o *Gastos de trofeos e medallas*
- o *Gastos en federacións deportivas (licencias, canon de participación, seguros, arbitraxes e outros). Este tipo de gastos poderán ser xustificados a través de certificados emitidos polas federacións deportivas que recollan adecuadamente os datos fiscais das partes, as aportacións económicas desglosadas, as retencións obrigatorias de ser o caso; e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base á eficacia administrativa do acto.*
- o *Gastos financeiros relativos aos pagos por transferencias bancarias relacionados co obxecto da subvención.*

- **Gastos non sufragables**

- o *Aqueles que non respondan á natureza da actividade subvencionada*
- o *Non se admitirán facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde.*
- o *Non serán xustificables gastos de comidas ou bebidas.*
- o *Os que se realicen fóra do prazo de execución establecido na presente convocatoria.*
- o *Os intereses deudores das contas bancarias*
- o *Intereses, recargos e sancións administrativas e / ou deportivas*
- o *Os gastos de procedementos xudiciais*

Cando o importe do gasto subvencionable supere os límites establecidos na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público para contratos menores, o beneficiario deberá solicitar polo menos tres orzamentos a diferentes provedores antes de contraer un compromiso para o servizo ou entrega de bens, agás que, polas súas especiais características, non existan suficientes entidades no mercado que os realicen, os subministren ou os subministren, ou agás que o gasto se incorrese con anterioridade á subvención. A selección entre os orzamentos presentados, que deberán incluírse na documentación xustificativa ou, se é o caso, na solicitude de subvención, realizarase segundo criterios de eficiencia e economía. A selección deberá xustificarse expresamente nunha memoria cando non se basee na proposta economicamente máis vantaxosa.



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

O orzamento subvencionado a xustificar será o importe da subvención concedida, aplicando un coeficiente de financiamento do 0,8. Dividirase o importe concedido entre 0,8.

Unha vez transcorrido o prazo de xustificación sinalado, sen que a entidade presentase a documentación xustificativa, a unidade xestora requirirao para que a presente no prazo improrrogable de 15 días dende a notificación. A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a renuncia á subvención outorgada, sen prexuízo das responsabilidades dispostas na Lei Xeral de Subvencións.

A presentación da documentación neste prazo excepcional non eximirá a entidade beneficiaria da sanción que lle corresponda segundo a seguinte gradación:

1. *Atraso na presentación da xustificación ata un mes: sanción do 10% do importe da subvención, co límite de 250€.*
2. *Atraso na presentación da xustificación dun mes ata tres: sanción do 20% do importe da subvención, co límite de 1.000 €.*

Aplicarase a compensación para o cobramento da sanción, agás que a entidade sancionada formule a oposición á sanción ata que se resolva o recurso. Para outros incumprimentos e sancións non previstos neste apartado será de aplicación o disposto na normativa legal de subvención..

SÉTIMA.- O presente Convenio terá vixencia dende o 1 de outubro de 2025 ata o 30 de setembro de 2026.

OITAVA.- O club disporá dunha póliza de responsabilidade civil, sendo a tomadora a entidade deportiva. Os seus compoñentes estarán en posesión da ficha federativa en vigor coa súa mutualidade deportiva, ou no seu defecto, dun seguro de accidentes que garanta a atención médica primaria e hospitalaria dos usuarios da entidade deportiva. Tanto a póliza de responsabilidade civil coma a de accidentes, manterán a súa vixencia e actualización económica polo tempo de duración do presente convenio.

NOVENA.- Corresponde á Xunta de Goberno Local a facultade de interpretar este Convenio, así como de acordar a súa rescisión en caso de incumprimento por parte do Club de calquera das obrigas no mesmo contidas.

E en proba da conformidade ambas parte subscriben este convenio, a un só efecto, no lugar e data ao comezo indicados.

Asdo dixitalmente:

POLO CONCELLO DE ARTEIXO

POLO CLUB DEPORTIVO LARÍN

ANTE MÍN,

Asdo.: Carlos Calvelo Martínez
Alcalde-Presidente

Asdo.: María Felicidad Mallo Viña
Presidenta

Asdo.: José María Vázquez Pita
O Secretario

Documento firmado electrónicamente, puede validar la firma con el código indicado al margen en la Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (El código de verificación garantiza, mediante el cotejo en la sede electrónica municipal, la integridad del documento (artículo 27.3.d de la Ley 39/2015, de 1 de Octubre, do Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas)